

Unha lección de cine

Días azuis

Esta é a unidade didáctica sobre a película *Días azuis*. Está realizada co obxectivo de que o profesorado despois de ver a película poida traballar algo dela na clase. O profesorado, en función da diversidade do alumnado, poderá crer necesaria a reformulación dalgunhas das preguntas, así como a eliminación ou o engadido doutras que pensen que poidan ser de utilidade para o seu alumnado.

Gustaríanos coñecer as modificacións que se fagan, xa que isto pode sernos de utilidade para a elaboración de próximas unidades.

Podedes enviar esas modificacións a

ofi.normalizacion@vigo.org



Tres irmáns

Días azuis é a historia de tres irmáns, en dous tempos, separados por unha traxedia en forma de accidente mortal de tráfico. Eles viven nunha vila de Galicia, e non poden ser máis distintos.

Boris é ácrata, fai o que quere, é incapaz de comprometerse.

Carlos dirixe o negocio familiar herdado do pai, é moi responsable e ten pánico a tomar decisións.

Álex, o pequeno, é o irmán listo, ademais de romántico, e grazas a unha bolsa pensa ir aos Estados Unidos facer un máster.

Días azuis é un filme moi do noso tempo, sobre tres mozos que non son malas persoas, e que se queren sinceramente, pero que toman decisións eticamente cuestionables, todas relacionadas coa fuxida da responsabilidade, a incapacidade de asumir as consecuencias dos propios actos: conducir baixo os efectos do alcohol, afrontar as posibles consecuencias penais dun homicidio involuntario, deixar pasar a oportunidade de casar coa rapaza que realmente queres.

Miguel Santesmases dirixe con certa frescura a súa historia, onde o máis atractivo é o afecto que se profesan os tres irmáns. O debuxo das súas relacións sentimentais é tamén moi da época: ditadas polo sentimento, polo que no momento apetece.



Preguntas e debates sobre a película

1. Presenta, describe e analiza os tres personaxes principais: Boris, Carlos e mais Álex.

2. Boris, Carlos e Álex perderon o seu pai e non viven coa súa nai. O maior aparentemente é o máis irresponsable, o do medio encárgase do negocio familiar, o máis pequeno é o máis preparado.

Debate: Pensas que unha situación como a que se conta neste filme é crible? Ponte na situación dos tres irmáns. Como actuarías ti de ser eles? Con cal dos tres personaxes te identificas máis?

3. Debate: En xeral, consideras responsables os actos de Boris, Carlos e Álex?

Na película nállase como un dos irmáns asume a responsabilidade doutro que provocou un accidente. Asume esa responsabilidade pero non o fai coas consecuencias e foxe. Como actuarías ti se estiveses no seu lugar?

4. *Días Azuis* céntrase moito na vida frívola dos personaxes.

Debate: Que opinión tes de como se divirten? Como gozas ti dos teus momentos de ocio?

Que tempo semanal dedicas ao ocio coa túa familia?

Que uso se fai na túa casa do tempo libre? A que te dedicas? Con quen?

5. Debate: Xa debatemos sobre como empregas o teu tempo de ocio na casa. Tendo en conta os hábitos dos protagonistas reflectidos no filme, propoñemos a celebración dun xuízo. Imos formular un...

Xurado en galego.

Trátase de analizar e sustentar con argumentos un determinado tema, no noso caso, propoñemos **o uso de alcohol e drogas asociados ao ocio**.

O profesor pode adaptar ou mudar de tema segundo a súa conveniencia, atendendo ás necesidades ou nivel do grupo.

Os obxectivos desta iniciativa son favorecer o ambiente de debate e o respecto á quenda de palabra na clase ensinando ao alumno como defender unha opinión polo medio de argumentacións lóxicas.

O **xurado en galego** utiliza os mesmos roles que un xurado tradicional: xuíz/a, xurado, testemuñas, fiscal, defensor/a e acusado/a; e ten a mesma mecánica dun xuízo.

1.- Traballo en grupo

a) Un grupo de participantes elabora unha **acta de acusación**, onde se formula que e por que se vai axuizar ao acusado. O acusado é o problema que se vai tratar. O noso problema vai ser:

b) Unha vez elaborada a acta de acusación, repártense os papeis de xuíz/a, dous secretarios/as e de cinco a sete xurados.

c) O resto dos/das participantes divídese en dous grupos; un que defenderá o/a acusado/a e outro que estará na súa contra.

d) O grupo que está a favor deberá nomear a defensa e o que está en contra (o que acusa) terá que nomear o/a fiscal; ambos os dous nomean así mesmo outras persoas como testemuñas.

e) Os grupos reúnen para discutir e preparar a súa participación no xurado. O xurado e o/a xuíz/a deben revisar detalladamente a **acta de acusación**.

2.- Iníciase o xuízo

- a) O/a xuíz/a le a acta de acusación e establece o **regulamento do uso da palabra**: tanto fiscal coma defensa teñen dez minutos para a primeira exposición e cinco para a segunda.
- b) Fiscal e defensa terán tres minutos para interrogar as testemuñas de forma alterna entre os propios e os da outra parte.
- c) Logo haberá cinco minutos para que cada unha das partes elaboren a súa argumentación final e cinco minutos para que a expoñan.
- d) O xurado disporá entón de dez minutos para deliberar e chegar a un veredicto (inocente ou culpable) que le un dos membros.
- e) Finalmente o/a xuíz/a fai un resumo do xuízo e sobre a base da decisión do xurado, dita sentenza.

3.- Posta en común

- Unha vez dado o veredicto, formúlase unha discusión plenaria sobre o debatido **para relacionalo coa realidade e precisar conclusións**.
- O/a mestre/a pode retomar nesta reflexión final **aspectos importantes que fosen xurdindo ao longo da actividade**.